



Auxiliar de Administración Xeral
Promoción interna

1º Exercicio - test (03.09.2021)

1. Sinala resposta correcta. Segundo o artigo 39.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas
 - a) **Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende a data na que se diten, salvo que en eles se dispoña outra cousa.**
 - b) Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos e producirán efectos dende a data na que se diten.
 - c) Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo producirán efectos dende a data na que se diten, salvo que en eles se dispoña outra cousa.
 - d) Os actos das Administracións Públicas suxeitos ao dereito administrativo presumiranse válidos dende a data na que se diten, salvo que en eles se dispoña outra cousa.

2. Sinala a afirmación correcta segundo o artigo 39.3 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas:
 - a) **Excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados.**
 - b) Excepcionalmente poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos nulos.
 - c) En ningún caso poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten substitución de actos anulados.
 - d) Como regra xeral, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos nulos.

3. De acordo co disposto no artigo 103.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, para que a Administración poda impoñer multas coercitivas contra un cidadán en vía de execución forzosa dos actos administrativos:
 - a) **Debe existir unha lei que o autorice.**
 - b) Pódeo facer en calquera caso.
 - c) Ha de existir un regulamento que o permita.
 - d) Debe haber unha previsión legal expresa ao efecto.

4. Segundo o artigo 47.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas son nulos de pleno dereito:
 - a) Os actos que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
 - b) Os que teñan un contido imposible.



- c) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou que se ditén como consecuencia desta.
- d) Todas son correctas.**
5. Respecto á revisión de disposicións e actos nulos que se establece no artigo 106 de a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o procedemento se iniciara de oficio, o transcurso do prazo:
- a) De 1 mes dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- b) De 2 meses dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- c) De 3 meses dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.
- d) De 6 meses dende o seu inicio sen ditarse resolución producirá a caducidade do mesmo.**
6. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será de (artigo 124.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas):
- a) 2 meses
- b) 1 mes**
- c) 6 meses
- d) 9 meses
7. Ao teor do artigo do artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas porá/n fin ao procedemento:
- a) O desestamento
- b) A renuncia ao dereito no que se funda a solicitude
- c) A declaración de caducidade.
- d) Todas as respostas son correctas.**
8. A práctica de probas dentro do procedemento administrativo encadrase na fase de: (art.78 L39/2015)
- a) Ordenación.
- b) Iniciación.
- c) Instrución.**
- d) Terminación.
9. Segundo o artigo 71.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o procedemento atópase sometido ao principio de:
- a) Xerarquía.
- b) Eficacia.
- c) Celeridade.**
- d) Eficiencia.



10. Segundo dispón o artigo 41.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións practícaranse preferentemente:
- Por vía postal
 - Telefonicamente
 - Por medios electrónicos**
 - Polo medio máis rápido e económico para a Administración.
11. Segundo o artigo 30.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, salvo que a lei dispoña outra cousa, os prazos expresados en horas no procedemento administrativo entenderanse que son:
- Laborables.
 - Hábiles.**
 - Naturais.
 - Ningunha é correcta.
12. Segundo o artigo 30.5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o último día do prazo sexa inhábil:
- Entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.**
 - Entenderase prorrogado ao segundo día hábil seguinte
 - Entenderase prorrogado ao terceiro día hábil seguinte
 - Entenderase prorrogado ao cuarto día hábil seguinte
13. Segundo o artigo 6.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, disporán dun rexistro electrónico xeral de apoderamentos:
- A Administración xeral do Estado.
 - As Comunidades Autónomas.
 - As Entidades Locais.
 - Todas son correctas.**
14. Segundo o artigo 40.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal é a resposta correcta
- Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de 3 días a partir da data na que o acto fose ditado.
 - Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de 5 días a partir da data na que o acto fose ditado.
 - Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de 10 días a partir da data na que o acto fose ditado.**
 - Toda notificación deberá cursarse dentro do prazo de 15 días a partir da data na que o acto fose ditado.
15. Segundo o artigo artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os documentos



que os interesados dirixan aos órganos das Administracións Públicas poderán presentarse:

- a) No rexistro electrónico da Administración u Organismo ao que se dirixan.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.
- c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.**

16. Segundo o artigo 11.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, son elementos do municipio:

- a) O territorio, a poboación e a financiamento
- b) O territorio, as institución e a organización
- c) A organización, a autonomía e o territorio.
- d) A poboación, a organización e o territorio.**

17. Segundo o artigo 16.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, cal dos seguintes datos non é obrigatorio que conste no Padrón Municipal?:

- a) A nacionalidade.
- b) O lugar de nacemento.
- c) O certificado ou título académico que posúa.
- d) O número de teléfono.**

18. A aprobación do proxecto do orzamento dun municipio de gran poboación é competencia do/a:

- a) Presidente
- b) Xunta do Goberno Local**
- c) Pleno
- d) Comunidade Autónoma

19. Como se chaman as ordenanzas que tratan sobre a clase, uso e edificación de terreos?

- a) Ordenanzas fiscais.
- b) Ordenanzas urbanísticas.**
- c) Ordenanzas de bo goberno.
- d) Ordenanzas de servizos.

20. Segundo o artigo 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local, os/as interesados/as poden presentar contra unha ordenanza durante o prazo de información pública e audiencia:

- a) Só reclamacións.
- b) Recurso de reposición.
- c) Só suxestións.
- d) Suxestións e reclamacións.**



21. Segundo o disposto no artigo 124.4. da Lei 7/1985 de 2 de abril, de bases de réxime local , dentro das normas ditadas polos concellos, só poden ser ditadas polos Alcaldes, en exclusiva:
- Os regulamentos.
 - Os bandos.**
 - As ordenanzas.
 - Ningún dos anteriores.
22. Segundo o artigo 18.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público para a promoción interna, os/as funcionarios/as deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso e ter unha antigüidade de alo menos:
- Dous anos.**
 - Un ano.
 - Tres anos
 - Catro anos.
23. De acordo co artigo 10 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, a selección de funcionarios interinos haberá de realizarse mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de:
- Mérito e capacidade.
 - Igualdade, mérito e capacidade.
 - Mérito, capacidade e publicidade.
 - Igualdade, mérito, capacidade e publicidade.**
24. Segundo o artigo 16 do EBEP o conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional denomínase
- Carreira horizontal.
 - Carreira vertical
 - Carreira profesional**
 - Avaliación do desempeño.
25. Segundo o artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, cal dos seguintes non é un tributo que forma as facendas locais?
- As taxas.
 - Os impostos.
 - Os prezos públicos.**
 - As contribucións especiais.
26. A Facenda das entidades locais estará constituída polos seguintes recursos:
- As subvencións.
 - O produto das operacións de crédito.
 - O produto das multas e sancións.
 - Todas as respostas son verdadeiras.**



27. Segundo o artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, as aprobacións e modificacións das ordenanzas fiscais expóranse no taboleiro de anuncios da Entidade:
- a) Entre 20 e 30 días hábiles.
 - b) Durante 30 días, como mínimo.**
 - c) Durante 15 días, como mínimo.
 - d) Durante un máximo de 30 días.
28. Segundo o artigo 169.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, se ao iniciarse o exercicio económico non entrase en vigor o orzamento correspondente:
- a) O Alcalde aproba o orzamento del exercicio.
 - b) Considerarase automaticamente prorrogado o do anterior.**
 - c) O artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais sinala que no prazo dun mes débese aprobar.
 - d) Todas as anteriores son falsas.
29. Segundo o artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, que forma o orzamento da Entidade Local.
- a) O/A Presidente/a da Entidade.**
 - b) O/A Interventor/a.
 - c) O/A Secretario/a.
 - d) O/A Tesoureiro/a.
30. Segundo o artigo 165.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, por el que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, as bases que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, denomínanse:
- a) Bases normativas.
 - b) Bases de execución.**
 - c) Bases de resolución.
 - d) Bases específicas.

PREGUNTAS DE RESERVA:

31. Todas as notificacións que se practiquen en papel deberán ser postas a disposición do interesado para que poda acceder ao contido das mesmas de forma voluntaria na:
- (art.42.1 L39/2015)
- a) A sede electrónica da Administración u Organismo actuante.**
 - b) No taboleiro de edictos do Concello do seu domicilio.



- c) No Boletín Oficial do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Provincia, segundo cal.
d) Todas son correctas.
32. Sinala a correcta segundo o disposto no artigo 83.3 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. A incomparecencia dos interesados no trámite de información pública:
- a) Failles perder a súa condición de tales.
b) Impídelles interpoñer os recursos pertinentes.
c) Considerarase un desestimento.
d) Nada do anterior é certo.
33. De acordo co artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución dun recurso de alzada será de:
- a) Dez días.
b) Un mes.
c) Dous meses.
d) Tres meses.
34. Segundo o artigo 116 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia, o persoal funcionario, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves, ten dereito a un permiso cunha duración máxima de trinta días naturais, para atender ao coidado de:
- a) O cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grado de consanguinidade ou afinidade.**
b) O cónxuxe ou parella de feito dun familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.
c) Fillos menores de dezaioito anos.
d) Ningunha é correcta.
35. En relación a súa poboación e de acordo co disposto no artigo 17.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, que Entidades Locais editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre del exercicio económico correspondente?:
- a) As Entidades Locais cando a súa poboación sexa superior a 10.000 habitantes.
b) As Entidades Locais cando a súa poboación sexa superior a 5.000 habitantes.
c) As Entidades Locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes.
d) As Entidades Locais cando a súa poboación sexa superior a 50.000 habitantes.